

EMPEZAMOS A NOVA TEMPADA

CONTIDO:

Final Supercopa

Torneo F7 peñas barcelonistas

Revista Barça

Cotas ó cobro + Lotería

Recuncho de Patarego

Final Supercopa de España:

Empeza a temporada e xa temo-la disputa do primeiro título, a Supercopa de España. Neste caso partimos con desventaxa debido ás ausencias pola convocatoria da selección española (o outro Barça), pero con esta maravilla de caniteira todo é posible.

Agora que digan os madridistas que temos axuda da federación, “Villarato” e tonterías similares que se inventan ante a impotencia diante do mellor equipo da historia.

Pois bueno, para o vindeiro sábado día 21 de agosto, gustaríanos xuntarnos no Bar Oliñas do Mar, para ver por tv o partido e tentar animar ó equipo para conseguilo 1º título da temporada.

Se a nosa información non falla, será a partir das 20.30 h., polo que nos xuntaremos un pouco antes.

Aproveitaremos a ocasión para falar de varios temas, o torneo de fútbol 7 de peñas, e sobre todo, decidiremos-las

viaxes que se programarán para este ano 2.010-2.011.

Por este motivo, agardamo-la presenza de todos e se algún non pode vir, que nos faga chega-las suas ideas.

A idea por parte da directiva son os desprazamentos a Coruña, Xixón e xa como viaxe máis longa a Pamplona, aproveitando a ponte da Constitución. Pero o dito, decidirse entre todos.

Torneo fútbol 7:

Como xa se comentou no boletín anterior, estamos a organizar un torneo de fútbol 7 de peñas barcelonistas. Aínda sen confirma-la presenza definitiva, temos o visto bo de varias peñas da zona, incluso 1 de Ponferrada. Esperamos contar co maior número de participantes posible, e para organizar todo isto fai falla a colaboración de todos. Temos que dar unha boa imaxe diante dos invitados. Por iso, o día 21 de agosto, tamén falaremos sobre a organización deste torneo.

Fan falla, xogadores, entrenador xa temos (chámase Arturo), árbitros, xente para prepara-las instalacións, marcar campo, colocar mesas ..., xente para a parrilla ... En fin, necesitamos a colaboración de todos e demostrar que somos a mellor peña do mundo. Entre todos, todo é máis fácil.

O torneo será o día 4 de setembro, a partir das 9.00 h. (dependendo das pe-

ñas participantes). Ó remate do mesmo celebraremos unha churrascada, sobre as 14-15 h. O menú consistirá en entrantes, churrasco, criollos, postre, café e chupiños. O prezo será de 12,00 € por persoa. O prazo para apuntarse remata o 1 de setembro.

Recalamos a necesidade de contar coa participación de todos. Nin que decir ten que poden acudir socios como non socios, así que podeades animar a algún amigo ou acompañante.

Por favor, contactade para confirmar a vosa colaboración.

Revista Barça:



Aquí vos pasamos información sobre a Revista Barça, revista oficial do clube, na que se tratan temas de toda-las sección e reportaxes de toda índole relacionados co Barça. É unha revista a todo color e con moi boa fotografía.

Éditase cada dous meses e hai unha ofer-

ta de suscripción de 29,00 € anuais.

Se alguén de vos, estades interesados en suscribirse ou ter máis información sobre esta revista, non tedes máis que contactar con nosoutros. Informarévomos máis a fondo.

Cotas e lotería:

Xa comentamos que está aberto o prazo para o pago das cotas de socio. Os que tedes domiciliado o pago, contade que a finais de agosto se pasará o recibo, os demais podeades proceder como é habitual, pago en efectivo a un directivo ou ingreso nas contas da peña:

Caixa Galicia: 2091 0142 57 3040004289

Banco Pastor: 0072 0219 69 0000101431

La Caixa: 2100 4949 63 2200015422

Lembrede que mentres non se esté ó corrente nos pagos non se teñen os plenos dereitos de socio, nin se entregará o novo carnet.

O prazo remata o 19 de decembro, pero rogamos se faga efectivo o antes posible, para unha mellor organización da peña.

A cota de socio para esta temporada é de 36,00 € por socio.

O día do maratón e da churrascada empezárase a reparti-los novos carnets.

Ese mesmo día, repartiremos a lotería de Nadal. Xa sabemos que é algo ingrato vendela, pero hai que ter en conta que a peña saca de beneficio case tanto como das cotas de socios, así que a colaboración dos socios resulta imprescindible.

Só nos queda animarvos a participar neste comezo de temporada, xa que serán uns actos moi barcelonistas.

¡¡Contamos con todos!!